

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026418	IES Terra de Soneira	Vimianzo	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao		
Graos D: Ciclos formativos	D2ADG000100 - Xestión administrativa	A		
Módulo				
MP1710 - Itinerario persoal para a empregabilidade II (2º)				
Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo	
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A	
Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro
2	50	50	60	31

Profesorado responsable

Docentes
Rodríguez Sánchez, Miguel

Contido	Páxina
1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	3
2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas	3
2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	3
3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.	8
5.1. Procedemento de avaliación inicial.	22
6.1. Criterios de cualificación e recuperación	23
6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	24
7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	24
8.1. Programación da educación en valores.	24
9.1. Actividades complementarias e extraescolares.	25
10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	25
11.1. Outros apartados.	25

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O módulo Itinerario Persoal para a Empregabilidade II (IPE II) é un módulo transversal a todos os ciclos de grao medio e grao superior que regula a Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional (LOOIFP). En Galicia, a normativa que regula estas novas ensinanzas está aínda en tramitación e todo o relativo á ordenación das ensinanzas de FP baixo a LOOIFP e do módulo de IPE II en particular está recollido no Anexo V do Real Decreto 659/2023, de 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.

Esta programación didáctica realízase a partir do anterior currículo para o módulo de IPE II de segundo curso do Grao Medio de Xestión Administrativa do IES Terra de Soneira no curso 2025-26, no réxime ordinario e con alumnado procedente, na súa maioría do Concello de Vimianzo e e concellos limítrofes. Trátase dun alumnado de procedencia eminentemente rural e dunha alta heteroxeneidade en canto a idade e nivel da formación académica previa. A duración do módulo é de 50 horas que se impartirán a razón de 2 sesións semanais.

O módulo supón unha continuidade do módulo de Itinerario Persoal para Empregabilidade I que o alumnado cursou en primeiro curso do ciclo e que busca afondar na achega ao mundo laboral na realidade do mundo laboral do contexto do alumnado, engadindo elementos relacionados coa empregabilidade dende o emprendemento.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	O proceso de empregabilidade eficiente	Estratexias de búsqueda de emprego, documentos para a búsqueda de emprego, identidade dixital, marca persoal, networking e técnicas de reclutamento	16	5
2	Estratexias para a mellora da empregabilidade	As competencias profesionais, as competencias persoais para a mellora da empregabilidade, a comunicación, equipos de traballo e xestión eficaz do tempo.	16	5
3	Autoemprego e habilidades emprendedoras	O autoemprego, competencias e habilidades emprendedoras, a creatividade e a innovación.	13	4
4	A idea de negocio, o entorno da empresa e o plan de marketing	A idea de negocio e o plan de negocio. O entorno da empresa, deseño de modelo de negocio, a cultura empresarial, o estudo de mercado e o marketing.	32	10
5	Financiamento e posta en marcha da idea de negocio	Financiamento e plan financeiro, forma xurídica da empresa, trámites de constitución e posta en marcha.	23	7

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	O proceso de empregabilidade eficiente	5

Craterios de avaliación	IA	%
RA1 - Planifica e pon en marcha estratexias nos procesos selectivos de emprego que lle permiten mellorar as súas posibilidades de inserción laboral		

Criterios de avaliación	IA	%
CA1.1 - Determináronse as técnicas utilizadas actualmente no sector para o proceso de selección de persoal.	TO	25
CA1.2 - Desenvolvéronse estratexias para a procura de emprego relacionadas coas técnicas actuais máis utilizadas contextualizadas ao sector.	TO	25
CA1.3 - Valoráronse as actitudes e as aptitudes que permiten superar procesos selectivos no sector privado e no sector público.	PE	25
CA1.4 - Construíuse unha marca persoal identificando as necesidades do mercado actual, as súas habilidades, as súas destrezas e a súa achega de valor.	PE	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Procesos selectivos de emprego: estratexias para a inserción laboral.
Técnicas de recrutamento e selección de persoal que marcan tendencia.
Análise e selección de ofertas segundo o perfil profesional persoal. Oportunidades de emprego en Europa.
Actualización de currículum vitae. Estratexias para a superación dun proceso selectivo. Importancia da actitude e das habilidades brandas no proceso de selección.
Estratexias de procura de emprego: recursos, feiras de emprego, portais dixitais e redes sociais profesionais.
Creación da marca persoal. Autoanálise, valor diferencial e visibilidade ante o mundo laboral.
Oportunidades de emprego en Europa. Pasaporte Europeo de Competencias Europass.

UD	Título da UD	Duración
2	Estratexias para a mellora da empregabilidade	5

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade		
CA2.1 - Valorouse a importancia das competencias persoais e sociais na empregabilidade no sector de referencia.	TO	15
CA2.2 - Participouse activamente no establecemento dos obxectivos do equipo e na toma de decisións deste, e asumíuse a responsabilidade das accións e das decisións do grupo, participando activamente no logro duns obxectivos compartidos, cooperando con outras persoas e compartindo o liderado.	PE	12
CA2.3 - Incorporáronse ao propio proceso de aprendizaxe as técnicas e os recursos de presentación e de comunicación, tanto orais como escritos, adecuados para unha comunicación efectiva e afectiva, sendo quen de os adaptar a cada situación e ás circunstancias, valorando as oportunidades e as dificultades que ofrece cada unha.	TO	25

Criterios de avaliación	IA	%
CA2.4 - Aplicáronse técnicas e estratexias para a xestión do tempo dispoñible, para alcanzar os obxectivos tanto individuais como do equipo, e programáronse as actividades necesarias.	PE	13
CA2.5 - Aplicáronse estratexias para canalizar as emocións amosando unha actitude flexible nas relacións con outras persoas.	TO	10
CA2.6 - Desenvolvéronse estratexias para a programación de actividades, atendendo a criterios de organización eficiente e prevendo as posibles dificultades.	PE	12
CA2.7 - Reaccionouse de xeito flexible e positivo ante conflitos e situacións novas, aproveitando as oportunidades e xestionando as dificultades, facendo uso de estratexias relacionadas coa intelixencia emocional.	PE	13

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade.
Importancia das competencias clave e das habilidades sociais máis relevantes relacionados coa empregabilidade.
Equipos de traballo. Construción e desenvolvemento dun equipo de traballo. Os 5C do traballo en equipo. Ferramentas colaborativas e valoración de equipos de traballo.
A comunicación: planificación, deseño e organización do contido. Desenvolvemento das habilidades da comunicación verbal e non verbal. Técnicas de comunicación asertiva.
Xestión eficaz do tempo. Estratexias para a xestión eficaz do tempo e a mellora da produtividade. Métodos para a optimización do tempo na xestión de proxectos.

UD	Título da UD	Duración
3	Autoemprego e habilidades emprendedoras	4

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.		
CA3.1 - Identificouse o concepto de innovación e a súa relación coa construción dunha sociedade máis sostible que mellore o benestar dos individuos.	PE	12
CA3.2 - Analizáronse as metodoloxías para emprender e a súa importancia para favorecer a innovación e como fonte de creación de emprego e de benestar social.	PE	13
CA3.3 - Aplicáronse as habilidades emprendedoras necesarias para promover o emprendemento e o intraemprendemento.	TO	35
CA3.4 - Púxose en práctica o traballo colaborativo como requisito para o desenvolvemento de procesos de innovación.	PE	12

Criterios de avaliación	IA	%
CA3.5 - Desenvolveuse a competencia dixital necesaria para a mellora dos procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo.	TO	15
CA3.6 - Incorporáronse os obxectivos das políticas e das iniciativas relacionadas coa sostibilidade e o ambiente, á estratexia empresarial enfocada ao desenvolvemento dun modelo económico e social sostible.	PE	13

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.
Creatividade e innovación. Concepto, características e tipos. A innovación como motor de cambio cara ao desenvolvemento sostible.
A cultura emprendedora como fonte de emprego. Análise das metodoloxías para o fomento da creatividade, o emprendemento e a innovación.
Identificación, autoanálise e desenvolvemento das principais competencias e habilidades para o emprendemento e o intraemprendemento.
Traballo colaborativo: concepto, características e vantaxes. A súa importancia para a innovación.
A competencia dixital como fonte de innovación no sector profesional. Impacto da intelixencia artificial.
A axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) integrados na estratexia empresarial.
A Axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible

UD	Título da UD	Duración
4	A idea de negocio, o entorno da empresa e o plan de marketing	10

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento		
CA4.1 - Identifícanse os problemas das persoas destinatarias potenciais do proxecto emprendedor como paso previo á proposta de solucións que se convertan en oportunidades.	PE	15
CA4.2 - Púxose en práctica o proceso creativo co fin de conseguir unha idea emprendedora que achegue valor económico, social e/ou cultural.	TO	10
CA4.3 - Diseñouse un modelo de negocio e/ou xestión derivado da idea emprendedora.	TO	15
CA4.4 - Incorporáronse valores éticos e sociais á idea emprendedora analizando modelos de balance social.	TO	5

Criterios de avaliación	IA	%
CA4.5 - Analízase a contribución da economía circular e da economía do ben común ao desenvolvemento dun modelo económico e social baseado na equidade, a xustiza social e a sostibilidade.	PE	10
CA4.6 - Analizáronse os principais compoñentes da contorna xeral e específica, e o seu impacto na idea emprendedora.	PE	15
CA4.7 - Realizáronse entrevistas de problema para validar o perfil e o problema das persoas destinatarias da idea emprendedora.	TO	5
CA4.8 - Validouse a solución mediante a creación de prototipos, procurando o encaixe entre problema e solución.	PE	10
CA4.9 - Experimentouse coa posta en práctica de estratexias de márketing para desenvolver destrezas en técnicas de comunicación e venda.	TO	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades
Análise da contorna socioproductiva. Identificación de problemas e necesidades de mercado, e propostas de solucións.
Fomento da creatividade no emprendemento. Técnicas para a xeración de ideas. Influencia no desenvolvemento económico e social.
Deseño do modelo de negocio segundo o sector productivo. Proposta de valor.
Cultura empresarial e imaxe corporativa. Desenvolvemento sostible aplicado ao modelo de negocio proposto. Simulación dun balance social.
Economía circular e do ben común. Valores. Desenvolvemento de proxectos baseados na equidade, na xustiza social e na sostibilidade.

UD	Título da UD	Duración
5	Financiamento e posta en marcha da idea de negocio	7

Criterios de avaliación	IA	%
RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna		
CA5.1 - Analizáronse os conceptos básicos do emprendemento e da innovación social.	PE	10
CA5.2 - Reflexionouse sobre a necesidade do liderado ético e sostible nas organizacións.	PE	8
CA5.3 - Reflexionouse sobre a tecnoloxía como base para o cambio do modelo productivo.	PE	8

Criterios de avaliación	IA	%
CA5.4 - Puxéronse en marcha as estratexias propias do pensamento de deseño para detectar necesidades sociais e ambientais.	PE	8
CA5.5 - Analizáronse os elementos do deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.	PE	8
CA5.6 - Aliñáronse metas de desenvolvemento sostible co deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.	PE	8
CA5.7 - Aplicáronse as estratexias necesarias para analizar a viabilidade do proxecto emprendedor.	TO	15
CA5.8 - Investigáronse as opcións financeiras socialmente responsables.	TO	25
CA5.9 - Definíronse os axentes implicados no proxecto, así como a súa participación neste.	TO	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Proxecto emprendedor.
Emprendemento e innovación social: conceptos. Valores éticos, sostibilidade, impacto ambiental e importancia da dixitalización no proxecto emprendedor.
A tecnoloxía como motor para a transformación do modelo produtivo. Tendencias tecnolóxicas que se inclúen no emprendemento.
Principios e procesos do pensamento de deseño. Ferramentas para identificar e abordar necesidades sociais e ambientais.
Identificación das partes interesadas relevantes para o proxecto emprendedor. Servizos públicos e privados de asesoramento na xestión e na posta en marcha dunha empresa.
Desenvolvemento do proxecto emprendedor. Estratexias para a creación de modelos de negocio sostibles e tecnolóxicos. Fórmulas de economía social.
Investimentos e fontes de financiamento socialmente responsables. Subvencións.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	O proceso de empregabilidade eficiente	5

	Actividade	Descrición	Duración
1	Análise e selección de ofertas segundo o perfil profesional	Análise e comparación de ofertas de emprego e toma de decisións	1

<p>Criterios de avaliación</p> <p>RA1 - Planifica e pon en marcha estratexias nos procesos selectivos de emprego que lle permiten mellorar as súas posibilidades de inserción laboral</p> <p>CA1.3 - Valoráronse as actitudes e as aptitudes que permiten superar procesos selectivos no sector privado e no sector público.</p>
<p>Contidos</p> <p>BC1 - Procesos selectivos de emprego: estratexias para a inserción laboral.</p> <p>C1.2 - Análise e selección de ofertas segundo o perfil profesional persoal. Oportunidades de emprego en Europa.</p> <p>C1.4 - Estratexias de procura de emprego: recursos, feiras de emprego, portais dixitais e redes sociais profesionais.</p> <p>C1.6 - Oportunidades de emprego en Europa. Pasaporte Europeo de Competencias Europass.</p>
<p>Obxectivos específicos</p> <p>Coñecer as actitudes e aptitudes necesarias para a superación un proceso selectivo</p>
<p>Resultados ou produtos</p> <p>Coñecemento das actitudes e aptitudes necesarias para a superación dun proceso selectivo</p>
<p>Recursos específicos</p> <p>Presentación de aula con medios dixitais de proxección Libro de texto</p>

	Actividade	Descrición	Duración
2	Estratexias para a procura de emprego	Estratexias para a procura de emprego. Recursos e fontes	1
<p>Criterios de avaliación</p> <p>RA1 - Planifica e pon en marcha estratexias nos procesos selectivos de emprego que lle permiten mellorar as súas posibilidades de inserción laboral</p> <p>CA1.2 - Desenvolvéronse estratexias para a procura de emprego relacionadas coas técnicas actuais máis utilizadas contextualizadas ao sector.</p>			
<p>Contidos</p> <p>BC1 - Procesos selectivos de emprego: estratexias para a inserción laboral.</p> <p>C1.3 - Actualización de currículum vitae. Estratexias para a superación dun proceso selectivo. Importancia da actitude e das habilidades brandas no proceso de selección.</p>			
<p>Obxectivos específicos</p> <p>Coñecer as estratexias e os recursos e fontes para a procura de emprego</p>			
<p>Resultados ou produtos</p> <p>Coñecemento das estratexias, recursos e fontes para a procura de emprego Currículum vitae actualizado Carta de motivación</p>			

Recursos específicos

Presentación de aula con medios dixitais de proxección
Libro de texto

	Actividade	Descrición	Duración
3	Identidade dixital e marca persoal	Compoñentes da identidade dixital e da marca persoal	1

Criterios de avaliación

RA1 - Planifica e pon en marcha estratexias nos procesos selectivos de emprego que lle permiten mellorar as súas posibilidades de inserción laboral

CA1.4 - Constrúese unha marca persoal identificando as necesidades do mercado actual, as súas habilidades, as súas destrezas e a súa achega de valor.

Contidos

BC1 - Procesos selectivos de emprego: estratexias para a inserción laboral.

C1.5 - Creación da marca persoal. Autoanálise, valor diferencial e visibilidade ante o mundo laboral.

Obxectivos específicos

Coñecer os compoñentes da identidade dixital

Valorar a importancia da marca persoal para a empregabilidade

Resultados ou produtos

Coñecemento dos comñoñentes da identidade dixital e a marca persoal

Recursos específicos

Presentación de aula con medios dixitais de proxección
Libro de texto

	Actividade	Descrición	Duración
4	Técnicas de reclutamento	Técnicas de reclutamento de persoal, estratexias para a superación da entrevista persoal	2

Criterios de avaliación

RA1 - Planifica e pon en marcha estratexias nos procesos selectivos de emprego que lle permiten mellorar as súas posibilidades de inserción laboral

CA1.1 - Determináronse as técnicas utilizadas actualmente no sector para o proceso de selección de persoal.

Contidos

BC1 - Procesos selectivos de emprego: estratexias para a inserción laboral.

C1.1 - Técnicas de recrutamento e selección de persoal que marcan tendencia.

Obxectivos específicos

Coñecer as técnicas de recrutamento de persoal que se empregan na actualidade

Saber poñer en práctica estratexias para a superación da entrevista persoal

Resultados ou produtos

Coñecemento das técnicas de reclutamento que se empregan na actualidade

Supostos prácticos relacionados coa superación da entrevista persoal

Recursos específicos

Presentación de aula con medios dixitais de proxección

Libro de texto

UD	Título da UD	Duración
2	Estratexias para a mellora da empregabilidade	5

	Actividade	Descrición	Duración
1	As competencias persoais e sociais	Importancia das competencias persoais e sociais na empregabilidade	2

Criterios de avaliación

RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade

CA2.1 - Valorouse a importancia das competencias persoais e sociais na empregabilidade no sector de referencia.

CA2.5 - Aplicáronse estratexias para canalizar as emocións amosando unha actitude flexible nas relacións con outras persoas.

Contidos

BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade.

C2.1 - Importancia das competencias clave e das habilidades sociais máis relevantes relacionados coa empregabilidade.

Obxectivos específicos

Coñecer as competencias persoais, sociais e emocionais con valor para a empregabilidade no sector

Aplicar estratexias para o desenvolvemento e potenciación das competencias persoais, sociais e emocionais

Resultados ou produtos

Coñecemento das principais competencias persoais, sociais e emocionais con valor para a empregabilidade no sector

Plan de acción para o desenvolvemento e potenciación das competencias persoais, sociais e emocionais

Recursos específicos

Presentación de aula con medios dixitais de proxección

Libro de texto

	Actividade	Descrición	Duración
2	A comunicación	Técnicas e recursos de comunicación para unha comunicación efectiva	1

Criterios de avaliación

RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade

CA2.3 - Incorporáronse ao propio proceso de aprendizaxe as técnicas e os recursos de presentación e de comunicación, tanto orais como escritos, adecuados para unha comunicación efectiva e afectiva, sendo quen de os adaptar a cada situación e ás circunstancias, valorando as oportunidades e as dificultades que ofrece cada unha.

<p>Contidos</p> <p>BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade.</p> <p>C2.3 - A comunicación: planificación, deseño e organización do contido. Desenvolvemento das habilidades da comunicación verbal e non verbal. Técnicas de comunicación asertiva.</p>
<p>Obxectivos específicos</p> <p>Coñecer as técnicas e recursos de comunicación con valor para a empregabilidade</p>
<p>Resultados ou produtos</p> <p>Coñecemento das técnicas e recursos de comunicación con valor para a empregabilidade Detección dos erros de comunicación que comete o alumnado en video (tarefa)</p>
<p>Recursos específicos</p> <p>Presentación de aula con medios dixitais de proxección Libro de texto</p>

	Actividade	Descrición	Duración
3	Equipos de traballo	Equipos de traballo e resolución de conflitos	1

<p>Criterios de avaliación</p> <p>RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade</p> <p>CA2.2 - Participouse activamente no establecemento dos obxectivos do equipo e na toma de decisións deste, e asumíuse a responsabilidade das accións e das decisións do grupo, participando activamente no logro duns obxectivos compartidos, cooperando con outras persoas e compartindo o liderado.</p> <p>CA2.7 - Reaccionouse de xeito flexible e positivo ante conflitos e situacións novas, aproveitando as oportunidades e xestionando as dificultades, facendo uso de estratexias relacionadas coa intelixencia emocional.</p>

<p>Contidos</p> <p>BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade.</p> <p>C2.2 - Equipos de traballo. Construción e desenvolvemento dun equipo de traballo. Os 5C do traballo en equipo. Ferramentas colaborativas e valoración de equipos de traballo.</p>
<p>Obxectivos específicos</p> <p>Coñecer as principais características dos equipos de traballo Saber aplicar estratexias para a resolución de conflitos</p>
<p>Resultados ou produtos</p> <p>Coñecemento das principais características dos equipos de traballo Coñecer e saber como aplicar estratexias para a resolución de conflitos</p>
<p>Recursos específicos</p> <p>Presentación de aula con medios dixitais de proxección Libro de texto</p>

--

	Actividade	Descrición	Duración
4	A xestión do tempo	Técnicas de traballo para a xestión eficiente do tempo	1
Criterios de avaliación RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade CA2.4 - Aplicáronse técnicas e estratexias para a xestión do tempo dispoñible, para alcanzar os obxectivos tanto individuais como do equipo, e programáronse as actividades necesarias. CA2.6 - Desenvolvéronse estratexias para a programación de actividades, atendendo a criterios de organización eficiente e prevendo as posibles dificultades.			
Contidos BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade. C2.4 - Xestión eficaz do tempo. Estratexias para a xestión eficaz do tempo e a mellora da produtividade. Métodos para a optimización do tempo na xestión de proxectos.			
Obxectivos específicos Coñecer as técnicas de traballo que permitan unha xestión eficiente do tempo			
Resultados ou produtos Coñecemento das técnicas de traballo para a xestión eficiente do tempo Utilización de algunha aplicación de organización e xestión do tempo			
Recursos específicos Presentación de aula con medios dixitais de proxección Libro de texto			

UD	Título da UD	Duración
3	Autoemprego e habilidades emprendedoras	4

	Actividade	Descrición	Duración
1	Autoemprego e competencias emprendedoras	Concepto de autoemprego. Principais competencias e habilidades emprendedoras	2

Crterios de avaliación

RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.

CA3.2 - Analizáronse as metodoloxías para emprender e a súa importancia para favorecer a innovación e como fonte de creación de emprego e de benestar social.

CA3.3 - Aplicáronse as habilidades emprendedoras necesarias para promover o emprendemento e o intraemprendemento.

CA3.4 - Púxose en práctica o traballo colaborativo como requisito para o desenvolvemento de procesos de innovación.

Contidos

BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.

C3.2 - A cultura emprendedora como fonte de emprego. Análise das metodoloxías para o fomento da creatividade, o emprendemento e a innovación.

C3.3 - Identificación, autoanálise e desenvolvemento das principais competencias e habilidades para o emprendemento e o intraemprendemento.

C3.4 - Traballo colaborativo: concepto, características e vantaxes. A súa importancia para a innovación.

Obxectivos específicos

Coñecer as principais competencias e habilidades con valor para o emprendemento

Resultados ou produtos

Coñecementos sobre competencias e habilidades con valor para o emprendemento

Recursos específicos

Presentación de aula con medios dixitais de proxección

Libro de texto

	Actividade	Descrición	Duración
2	Creatividade, innovación e sostibilidade	A Creatividade, a innovación e a sostibilidade no emprendemento.	2

Crterios de avaliación

RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.

CA3.1 - Identifícase o concepto de innovación e a súa relación coa construción dunha sociedade máis sostible que mellore o benestar dos individuos.

CA3.5 - Desenvolveuse a competencia dixital necesaria para a mellora dos procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo.

CA3.6 - Incorporáronse os obxectivos das políticas e das iniciativas relacionadas coa sostibilidade e o ambiente, á estratexia empresarial enfocada ao desenvolvemento dun modelo económico e social sostible.

Contidos

BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.

C3.1 - Creatividade e innovación. Concepto, características e tipos. A innovación como motor de cambio cara ao desenvolvemento sostible.

C3.5 - A competencia dixital como fonte de innovación no sector profesional. Impacto da intelixencia artificial.

C3.6 - A axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) integrados na estratexia empresarial.

C3.7 - A Axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible

Obxectivos específicos

Coñecer e valorar os conceptos de creatividade, innovación e sostenibilidade como elementos útiles para o emprendemento

Identificar e xenerar ideas creativas, innovadoras e sostibles con valor para o emprendemento.

Resultados ou produtos

Coñecementos sobre os conceptos de creatividade, innovación e sostenibilidade

Supostos prácticos relacionados coa creación de ideas creativas, innovadoras e sostibles

Recursos específicos

Presentación de aula con medios dixitais de proxección

Libro de texto

UD	Título da UD	Duración
4	A idea de negocio, o entorno da empresa e o plan de marketing	10

	Actividade	Descrición	Duración
1	A idea de negocio	Identificación de problemas, proceso creativo e xeneración da idea de negocio	2

Criterios de avaliación

RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioproductiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento

CA4.1 - Identificáronse os problemas das persoas destinatarias potenciais do proxecto emprendedor como paso previo á proposta de solucións que se convertan en oportunidades.

CA4.2 - Púxose en práctica o proceso creativo co fin de conseguir unha idea emprendedora que achegue valor económico, social e/ou cultural.

CA4.4 - Incorporáronse valores éticos e sociais á idea emprendedora analizando modelos de balance social.

Contidos

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.2 - Fomento da creatividade no emprendemento. Técnicas para a xeración de ideas. Influencia no desenvolvemento económico e social.

C4.3 - Deseño do modelo de negocio segundo o sector productivo. Proposta de valor.

Obxectivos específicos

Coñecer o proceso de valoración da idea de negocio

Xenerar unha idea de negocio válida para desenvolver un plan de negocio

Resultados ou produtos

Coñecementos sobre o proceso de valoración da idea de negocio

Idea de negocio válida para o desenvolvemento dun plan de negocio

Recursos específicos

Presentación de aula con medios dixitais de proxección

Libro de texto

	Actividade	Descrición	Duración
2	O modelo de negocio	Deseño dun modelo de negocio. Contribución da economía do ben e común e da economía circular.	3

Criterios de avaliación

RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioproductiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento

CA4.3 - Diseñouse un modelo de negocio e/ou xestión derivado da idea emprendedora.

CA4.5 - Analizouse a contribución da economía circular e da economía do ben común ao desenvolvemento dun modelo económico e social baseado na equidade, a xustiza social e a sostibilidade.

CA4.7 - Realizáronse entrevistas de problema para validar o perfil e o problema das persoas destinatarias da idea emprendedora.

CA4.8 - Validouse a solución mediante a creación de prototipos, procurando o encaixe entre problema e solución.

Contidos

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.3 - Diseño do modelo de negocio segundo o sector productivo. Proposta de valor.

C4.4 - Cultura empresarial e imaxe corporativa. Desenvolvemento sostible aplicado ao modelo de negocio proposto. Simulación dun balance social.

C4.5 - Economía circular e do ben común. Valores. Desenvolvemento de proxectos baseados na equidade, na xustiza social e na sostibilidade.

Obxectivos específicos

Coñecer o proceso de deseño dun modelo de negocio

Deseñar un modelo de negocio da idea xenerada como parte do plan de negocio

Resultados ou produtos

Coñecemento do proceso de deseño dun modelo de negocio

Modelo de negocio do plan de negocio

Recursos específicos

Presentación de aula con medios dixitais de proxección

Libro de texto

	Actividade	Descrición	Duración
3	Análise da contorna empresarial	Análise dos compoñentes da contorna empresarial e o seu impacto na idea de negocio	2

Criterios de avaliación

RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioproductiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento

CA4.6 - Analizáronse os principais compoñentes da contorna xeral e específica, e o seu impacto na idea emprendedora.

Contidos

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.1 - Análise da contorna socioproductiva. Identificación de problemas e necesidades de mercado, e propostas de solucións.

Obxectivos específicos

Coñecemento dos elementos micro e macro do entorno empresarial

Deseñar un modelo de negocio da idea xenerada como parte do plan de negocio

Resultados ou produtos

Coñecemento dos elementos que conforman o entorno empresarial

Modelo de negocio como parte do plan de negocio

Recursos específicos

Presentación de aula con medios dixitais de proxección

Libro de texto

	Actividade	Descrición	Duración
4	O plan de marketing	Estratexias de marketing con valor para o plan de marketing	3

Criterios de avaliación

RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioproductiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento

CA4.9 - Experimentouse coa posta en práctica de estratexias de márketing para desenvolver destrezas en técnicas de comunicación e venda.

Contidos

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.3 - Deseño do modelo de negocio segundo o sector productivo. Proposta de valor.

Obxectivos específicos

Coñecer o proceso de elaboración dun estudo de mercado e os elementos do mercado

Deseñar un plan de marketing para o plan de negocio

Resultados ou produtos

Coñecementos sobre o proceso de elaboración do estudo de mercado e os elementos do mercado

Plan de marketing como parte do plan de negocio

Recursos específicos

Presentación de aula con medios dixitais de proxección

Libro de texto

UD	Título da UD	Duración
5	Financiamento e posta en marcha da idea de negocio	7

	Actividade	Descrición	Duración
1	Innovación social e liderado ético	Conceptos básicos do emprendemento e da innovación social e liderado ético e sostible das organizacións	1
<p>Criterios de avaliación</p> <p>RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna</p> <p>CA5.1 - Analizáronse os conceptos básicos do emprendemento e da innovación social.</p> <p>CA5.2 - Reflexionouse sobre a necesidade do liderado ético e sostible nas organizacións.</p>			
<p>Contidos</p> <p>BC5 - Proxecto emprendedor.</p> <p>C5.1 - Emprendemento e innovación social: conceptos. Valores éticos, sostibilidade, impacto ambiental e importancia da dixitalización no proxecto emprendedor.</p>			
<p>Obxectivos específicos</p> <p>Coñecer os conceptos básicos do emprendemento e da innovación social e liderado ético e sostible das organizacións</p>			
<p>Resultados ou produtos</p> <p>Coñecementos sobre emprendemento e da innovación social, o liderado ético e o liderado sostible das organizacións</p>			
<p>Recursos específicos</p> <p>Presentación de aula con medios dixitais de proxección</p> <p>Libro de texto</p>			

	Actividade	Descrición	Duración
2	Elementos e estratexias para o deseño de modelos de negocio ecosociais e tecnolóxicos	Análise dos elementos e das estratexias necesarias para poñer en marcha modelos de negocio ecosociais e tecnolóxicos.	1
<p>Criterios de avaliación</p> <p>RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna</p> <p>CA5.3 - Reflexionouse sobre a tecnoloxía como base para o cambio do modelo produtivo.</p> <p>CA5.4 - Puxéronse en marcha as estratexias propias do pensamento de deseño para detectar necesidades sociais e ambientais.</p>			

CA5.5 - Analizáronse os elementos do deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.
CA5.6 - Aliñáronse metas de desenvolvemento sostible co deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.
<p>Contidos</p> <p>BC5 - Proxecto emprendedor.</p> <p>C5.2 - A tecnoloxía como motor para a transformación do modelo produtivo. Tendencias tecnolóxicas que se inclúen no emprendemento.</p> <p>C5.3 - Principios e procesos do pensamento de deseño. Ferramentas para identificar e abordar necesidades sociais e ambientais.</p> <p>C5.5 - Desenvolvemento do proxecto emprendedor. Estratexias para a creación de modelos de negocio sostibles e tecnolóxicos. Fórmulas de economía social.</p>
<p>Obxectivos específicos</p> <p>Coñecer e saber analizar os elementos e as estratexias necesarias para poñer en marcha modelos de negocio ecosociais e tecnolóxicos</p>
<p>Resultados ou produtos</p> <p>Coñecemento dos elementos e as estratexias necesarias para poñer en marcha modelos de negocio ecosociais e tecnolóxicos</p>
<p>Recursos específicos</p> <p>Presentación de aula con medios dixitais de proxección</p> <p>Libro de texto</p>

	Actividade	Descrición	Duración
3	Análise da viabilidade e e plan financeiro	Análise da viabilidade do negocio. Financiamento e inversión. Plan financeiro	4
<p>Criterios de avaliación</p> <p>RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna</p> <p>CA5.7 - Aplicáronse as estratexias necesarias para analizar a viabilidade do proxecto emprendedor.</p> <p>CA5.8 - Investigáronse as opcións financeiras socialmente responsables.</p>			
<p>Contidos</p> <p>BC5 - Proxecto emprendedor.</p> <p>C5.6 - Investimentos e fontes de financiamento socialmente responsables. Subvencións.</p>			
<p>Obxectivos específicos</p> <p>Coñecer os métodos para analizar a viabilidade do negocio</p> <p>Coñecer as principais fontes de financiamento das ideas emprendedoras e as posibilidades de investimento</p> <p>Saber elaborar un plan financeiro</p>			

<p>Resultados ou produtos</p> <p>Coñecemento sobre análise da viabilidade do negocio Coñecemento das principais fonte de financiamento e as posibilidades de investimento Plan financeiro do plan de negocio</p>
<p>Recursos específicos</p> <p>Presentación de aula con medios dixitais de proxección Libro de texto</p>

	Actividade	Descrición	Duración
4	Axentes implicados no proxecto emprendedor	Análise dos axentes implicados no proxecto emprendedor. Forma xurídica e trámites de constitución	1

<p>Criterios de avaliación</p> <p>RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna</p> <p>CA5.9 - Definíronse os axentes implicados no proxecto, así como a súa participación neste.</p>
--

<p>Contidos</p> <p>BC5 - Proxecto emprendedor.</p> <p>C5.4 - Identificación das partes interesadas relevantes para o proxecto emprendedor. Servizos públicos e privados de asesoramento na xestión e na posta en marcha dunha empresa.</p>
--

<p>Obxectivos específicos</p> <p>Coñecer e saber analizar os axentes implicados no proxecto emprendedor</p> <p>Coñecer as formas xurídicas máis axeitadas para levar a cabo a idea de negocio así como trámites de constitución necesarios</p>

<p>Resultados ou produtos</p> <p>Coñecementos sobre os axentes implicados no proxecto emprendedor Coñecemento sobre as formas xurídicas e trámites de constitución das empresas Elección e xustificación da forma xurídica do plan de negocio</p>
--

<p>Recursos específicos</p> <p>Presentación de aula con medios dixitais de proxección Libro de texto</p>
--

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

Consultarase co Dpto. de Orietnación ao comezo do curso a situación de aqueles alumnos e alumnas que poidesen mostrar dificultades en canto a expresión oral e escrita, emprego da lóxica na resolución de problemas, dominio das técnicas de estudo e demais aspectos que se consideren necesarios para a axeitada asimilación dos contidos do módulo.

Realizarase tamén na primeira semana do curso un cuestionario de avaliación inicial para comprobar o nivel de

coñecemento de conceptos básicos relativos aos contidos do módulo, o que permitirá adecuar a metodoloxía a empregar ao longo do curso, dentro das posibilidades que permite a docencia dun grupo de alumnado da formación profesional, típicamente caracterizado pola heteroxeneidade en canto ao nivel académico dos seus integrantes.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	16	13	32	23	100
Proba escrita	50	50	50	50	50	50
Táboa de observación	50	50	50	50	50	50

Procedemento e criterios de cualificación:

Para superar positivamente o módulo aplicaranse os criterios de cualificación expostos a continuación:

A cualificación de cada avaliación calcularase a partir dos seguintes instrumentos:

1- Probas obxectivas (mínimo unha por trimestre) sobre o contido das unidades didácticas asignadas a cada trimestre. As probas, de carácter teórico, práctico ou teórico-práctico, constarán de preguntas tipo test e/ou resolución de supostos prácticos. Estas probas puntuaranse de 0 a 10 puntos. A cualificación deste apartado será a media aritmética das cualificacións das probas de cada trimestre. Este apartado supón o 50% da nota de cada avaliación.

2- Tarefas a entregar. Consistirán na realización de tarefas sobre empregabilidade (UD1 e UD2) e na realización dos diferentes apartados dun plan de negocio (UD3, UD4 e UD5) que o alumnado deberá elaborar e entregar a través da aula virtual. As tarefas puntuaranse de 0 a 10 puntos e serán correxidas empregando rúbricas que o alumnado terá dispoñible para consulta. Tódalas tarefas de cada unidade didáctica (mínimo 1 por UD) terán o mesmo peso na cualificación desa unidade. Para o cálculo da cualificación de cada avaliación ponderarase a nota obtida en cada unidade didáctica con respecto ao peso que a mesma ten sobre o total de unidades didácticas impartidas en cada trimestre. Este apartado supón o 50% da nota de cada avaliación.

A cualificación de cada avaliación será o resultado de redondear á unidade máis próxima a nota calculada segundo os criterios anteriores.

NOTA FINAL:

A nota final do módulo obterase a partir da media aritmética das notas obtidas en cada unha das avaliacións (nota previa ao redondeo) segundo os criterios anteriormente expostos, redondeando dita nota media á unidade máis próxima, e sendo necesario obter o aprobado en cada unha das avaliacións para superar o módulo.

As probas obxectivas non superadas poderán ser recuperadas na proba obxectiva final que se celebrará antes do período de prácticas na empresa. Nesta proba final só será necesario recuperar as partes non superadas durante o curso.

A maiores, durante o curso poderán celebrarse outras probas de recuperación da materia pendente en función da dispoñibilidade horaria (para o cal se observará o grao de consecución de cumprimento da temporalización da programación), o que podería dar unha oportunidade a maiores ao alumnado para recuperar materia antes da proba obxectiva final.

Procedemento e criterios de recuperación

PROBA OBXECTIVA FINAL:

Ao remate do curso, posteriormente á avaliación final, realizarase unha proba obxectiva final na que o alumnado poderá recuperar aquelas partes do módulo que non teña superadas. A proba estará composta por supostos teóricos, prácticos ou teórico-prácticos de características asimilables ás dos supostos que conformaron as probas obxectivas trimestrais que se realizaron durante o curso. A proba puntuarase de 0 a 10 puntos e será necesario obter 5 puntos para superala.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non é posible pasar de curso co módulo pendente ao ser este un módulo de 2º curso.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Ao finalizar o período lectivo realizarase unha proba obxectiva que abarcará todos os contidos da materia para aqueles alumnos e alumnas que por falta de asistencia ao módulo perdesen o dereito a avaliación continua. Esta proba consistirá na resolución de supostos ou cuestións teóricas, prácticas ou teórico-prácticas que servirán para determinar se o alumno ou alumna acadou o nivel axeitado para acadar os obxectivos e contidos desta programación didáctica. A proba cualificarase de 0 a 10 puntos e para superala será necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Froito das limitacións que caracterizan a ensinanza en ciclos de formación profesional en canto á atención á diversidade, as medidas de reforzo para aquel alumnado que non responda globalmente aos obxectivos das programacións basearanse unicamente en:

- Establecemento de tarefas extraordinarias con seguimento individualizado polo profesor.
- Medidas de adaptación curricular cando foran necesarias, segundo o legalmente establecido e contando apoio do dpto. de Orientación. Estas medidas de adaptación curricular consistirán basicamente na atención personalizada na aula e no establecemento de tarefas complementarias co seguimento do profesor.

8.1. Programación da educación en valores.

A educación en valores será transmitida ao longo do curso no transcurso da impartición de contidos diversos da programación do módulo de IPE II. En concreto traballarase os seguintes valores:

- Solidariedade: Cos compañeiros no ámbito laboral.
- Traballo en equipo: Desenvolver habilidades para colaborar eficazmente con outros compañeiros.
- Autonomía e iniciativa: Fomentar a capacidade de actuar con independencia, tomar decisións e buscar oportunidades laborais activamente.
- Responsabilidade: Impulsar que o alumnado asuma o compromiso co seu propio proceso de empregabilidade.
- Ética profesional e honestidade: Reforzar a integridade, a transparencia e a coherencia entre o que se di e o que se fai no ámbito laboral.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Dada a escasa duración que comparativamente asigna a nova normativa da FP á parte do curso impartida no centro educativo, non se programan actividades complementarias e extraescolares dende o departamento de FOL.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Mensualmente realizarase un seguimento da programación, introducindo -en función das capacidades constatadas e rendemento acadado polo alumnado- os cambios necesarios para que os contidos mínimos poidan ser impartidos ao longo do curso.

Trimestralmente avaliaranse os resultados académicos do grupo en relación co módulo co fin de replantexar (se fose necesario) as metodoloxías empregadas e realizar os cambios necesarios para mellorar os resultados do grupo.

11.1. Outros apartados.